



Xoán Ramón Alvite

Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en ganadería

► AS EXPLOTACIÓNS
LOGRARON MULTIPLICAR
POR SETE A SÚA CABANA
GANDEIRA, PASANDO DE 9
VACAS DE MEDIA A FINAIS DOS
80 ÁS MÁIS DE 60 ACTUAIS

Menos granxas e, con todo, máis leite ca nunca. É o curioso paradoxo que resume os cinco anos que pasaron desde a desaparición das cotas lácteas, un mecanismo de regulación da produción que estivo vixente en España durante case tres décadas e que, curiosamente, algúns empezan a botar de menos.

As cifras relativas á evolución do número de explotacións neste período son pouco menos que demoledoras. Se en marzo de 2020 producían leite en España un total de 16.954 gandeiros, actualmente esta cifra reduciuse ata pouco máis de 12.600, segundo os últimos datos publicados polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), é dicir, durante os últimos cinco anos, dúas explotacións pecharon a diario as súas portas nunha sangría que, a pesar de retardarse, segue activa. A liña que

Cinco anos sen cotas: 4.000 gandeiros menos e medio millón de toneladas máis de leite

seguíu a produción foi, con todo, totalmente oposta. De feito, dos case 6,7 millóns de toneladas recollidos pola industria en marzo de 2015 pasouse aos 7,2 millóns contabilizados durante o mesmo mes deste ano, un crecemento anual que se aproxima ao 2 %, cinco máis que o rexistrado no conxunto da UE-25, onde o repunte quedou no 0,4 % o ano pasado. De entre os grandes produtores, o maior incremento rexistrouse en Irlanda cun 5,3 % durante o pasado exercicio, mentres que no lado oposto se sitúan Alemaña e Francia, os dous principais produtores de leite da Unión Europea, onde o volume de leite caeu un 0,2 %.

Prezos que non terminan de recuperarse

Unha das principais consecuencias que trouxo consigo a desaparición das cotas leiteiras foi a redución importante dos prezos en orixe que, aínda a día de hoxe, seguen un lento proceso de recuperación. Tanto é así que as cotizacións en marzo de 2020, aínda sendo as máis altas dos últimos cinco anos (33,3 céntimos segundo os datos do FEGA), están dous céntimos por baixo das que se rexistraban no mesmo mes de 2015.

Á caída dos prezos hai que engadir as dificultades que moitos gandeiros sufriron durante o último lustro para comercializar, a prezos de mercado, a totalidade da súa produción. Neste sentido está a ter unha relevancia determinante a entrada puntual de cantidades importantes de leite a prezos anormalmente reducidos de países como Francia ou Portugal. Nin sequera os acordos sectoriais, como o Acordo para a sustentabilidade do sector lácteo, nin a posta en marcha de normativas para mellorar a capacidade de negociación dos gandeiros, tales como o Paquete

lácteo ou a Lei da cadea alimentaria, nin tan sequera outras iniciativas, coma a obriga de indicar no envase a orixe do leite e dos derivados lácteos, posibilitaron unha mellora significativa dos prezos que reciben os gandeiros.

Galicia, máis líder ca nunca

O último lustro serviu para consolidar Galicia coma a principal comunidade produtora do Estado e situala, ademais, entre as primeiras dez rexións leiteiras da UE-25. Este potencial reflíctese no feito de que, das escasas 7.000 granxas que continúan censadas na comunidade, saen cada día 8,3 millóns de litros de leite, un 8 % máis que en 2015. A día de hoxe, de terras galegas sae o 40 % de todo o leite nacional, cando en 1986 –momento no que se implantou a política de cotas– esta porcentaxe apenas excedía o 20 %.

Por aquel entón a produción láctea de Galicia situábase en 1,4 millóns de toneladas, xusto a metade das cifras que se rexistran na actualidade. Agora é xustamente o dobre grazas, sobre todo, a animais de altísimo valor xenético que, actualmente, producen de media case 8.000 quilos de leite ao ano, cando hai tres décadas a cantidade apenas excedía os 3.200 quilos. Non menos salientables foron os cambios experimentados polo tamaño das explotacións que, en tres décadas, lograron multiplicar por sete a súa cabana gandeira, pasando de nove vacas de media de finais dos anos 80 ás máis de 60 actuais. Outro tanto sucede coa base territorial que, aínda sendo escasa neste momento, quintuplica a dispoñible en 1986 e se sitúa ao redor das 15 hectáreas por explotación. ■